



auga no período voluntario sinalado suporá a súa esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende a publicación deste anuncio no BOP.

Cartelle, 28 de xaneiro de 2019. O alcalde.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 102.3 de la Ley General Tributaria, se expone al público, para a su notificación colectiva, el padrón cobratorio correspondiente al 4º trimestre del ejercicio 2018 de la tasa de abastecimiento de agua y saneamiento que aprobó la Junta de Gobierno de fecha 24 de enero de 2019.

Período: ejercicio 2018

Plazo de exposición: 20 días hábiles tras la publicación de este edicto en el BOP.

Lugar de exposición: oficinas municipales.

Contra las liquidaciones individualizadas que figuran en los mencionados padrones cabe interponer los siguientes recursos:

1.- Reposición, ante el alcalde de este ayuntamiento, en el plazo de un mes desde el día siguiente al de la publicación de este edicto en el BOP, que se entenderá rechazado si transcurre un mes desde su presentación sin que se resuelva de manera expresa.

2.- Contencioso-administrativo, ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo con sede en Ourense, en el plazo de dos meses si la resolución del recurso de reposición es expresa, y en el plazo de 1 año desde su interposición de no serlo.

3.- Se puede interponer cualquier otro recurso que a los interesados les convengan.

Advertencia: transcurrido el periodo de pago voluntario las deudas serán exigidas por el procedimiento de apremio y se aplicará el recargo correspondiente, el interés de demora y, en su caso, las costas que se produzcan. La no recepción del documento de pago no exime de la obligación de su abono en el periodo voluntario fijado, siendo obligación del contribuyente solicitarla en caso de no recibirlo.

De conformidad con lo previsto en el artículo 49.7 del Decreto 136/2012, de 31 de mayo (DOG n.º 119, de 22.06.2012), se advierte a los contribuyentes que la falta de pago del canon del agua en el período voluntario señalado supondrá su exigencia directamente al contribuyente en vía de apremio por la consellería competente en materia de hacienda de la Xunta de Galicia. La repercusión del canon del agua podrá ser objeto de reclamación económico-administrativa ante el órgano correspondiente de la Comunidad Autónoma de Galicia, en el plazo de un mes desde la publicación del presente anuncio en el BOP.

Cartelle, 28 de enero de 2019. El alcalde.

R. 334

Viana do Bolo

Expediente núm.: 176/2019

Bases xerais da convocatoria

Procedemento: convocatoria e concurso de méritos (persoal laboral con carácter interino)

Asunto: cobertura interina de vacante da praza de operario electricista

Documento asinado por: o alcalde

Bases xerais da convocatoria para cubrir interinamente a praza de operario de electricidade

Primeira. Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases a cobertura con carácter interino da vacante da praza de operario electricista do persoal laboral desta Corporación, en tanto non se cubra definitivamente, cuxas características son:

– Denominación: operario electricista; número de vacantes:

1. Retribucións anuais: 18.235,12 euros.

A praza referida está adscrita ao persoal laboral desta Corporación e as funcións que ten encomendadas son as seguintes:

- Mantemento e execución de pequenas reparacións nos edificios municipais.

- Reparación básica dos elementos da iluminación pública municipal.

- Control básico da climatización e pequenas reparacións de fontanería nas instalacións.

- Mantemento e control da calefacción e do seu enchido.

- Control básico e mantemento básico das instalacións eléctricas, ata a substitución de enchufes e lámpadas.

- Execución de calquera outra tarefa que lle sexa encomendada, propia da súa profesión e categoría.

De conformidade co artigo 50 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en coherencia coa necesidade urxente que pretende cubrirse, o procedemento tramítase de urxencia, polo que se reducirán á metade tódolos prazos do procedemento xeral, salvo os de presentación de recursos e solicitudes.

Segunda. Sistema selectivo.

A selección do persoal laboral realizarase mediante un procedemento áxil que respectará en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e axilidade.

A selección realizaranse polo sistema de concurso de méritos.

Terceira. Condicións de admisión de aspirantes.

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.



— As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Estar en posesión das seguintes titulacións, ou estar en condicións de obtela. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

- Título de graduado en ESO ou equivalente.
- Título de Formación Profesional de Grado Medio ou equivalente na rama de electricidade e electrónica.
- Carné de conducir tipo B en vigor.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao mesmo grupo profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Os anteriores requisitos deberán reunirse con referencia ó último día de prazo de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.

Cuarta. Forma e prazo de presentación de instancias.

As solicitudes (Anexo I), na que se require participar nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas bases xerais que se achegan a este expediente para a praza que se opte, dirixiránse ao alcalde do Concello de Viana do Bolo, presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude, conforme ao modelo que figura no Anexo I, acompañarase inescusablemente da seguinte documentación:

- Copia do documento nacional de identidade, ou pasaporte.
- Copia do título académico.
- Copia do carné de conducir tipo B.
- Copia dos documentos que acrediten os méritos alegados no concurso conforme á base sétima.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste concello [<https://vianadobolo.sedelectronica.gal/info.0>] e, se é o caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión.

Quinta. Admisión de aspirantes.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 15 días, na que declare aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. A devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste concello [<https://vianadobolo.sedelectronica.gal/info.0>] e, se é o caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión e no Boletín Oficial da Provincia sinalarase un prazo de cinco días hábiles para a súa emenda, de acordo co disposto nos artigos 50 e 68 da Lei 39/2015.

Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica deste concello [<https://vianadobolo.sedelectronica.gal/info.0>] e, se é o caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión e no Boletín Oficial da Provincia.

Calquera decisión que adopte o tribunal e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización da fase de concurso, exporase nos locais onde se celebrou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio e na sede electrónica deste concello [<https://vianadobolo.sedelectronica.gal/info.0>] e, se é o caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión, bastando a dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Sexta. Tribunal cualificador.

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva. Os órganos de selección constituiranse en cada convocatoria.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

O tribunal cualificador estará constituído por:

- Presidente.
- Secretario: o da Corporación ou membro da mesma en quen delegue.
- Vogais: dous empregados públicos pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Representante sindical que actuará como observador no tribunal de selección con voz pero sen voto.

O tribunal estará integrado ademais polos suplentes respectivos que deben ser designados conxuntamente polos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sétima. Desenvolvemento do proceso selectivo.

Os méritos computaranse sobre un total de 100 puntos.

1. Experiencia laboral relacionada: 60 puntos.



Outorgaranse 5 puntos por ano traballado completo. En caso de acreditación de períodos de traballo por meses, estes computaranse como de 30 días naturais cada mes, non computándose días soltos ou fraccións de cada mes, e outorgándose a puntuación proporcional correspondente.

Para a acreditación destes méritos debe achegarse copia do informe de vida laboral, contratos de traballo, certificados da empresa en modelo oficial do Instituto Nacional de Emprego, certificados das administracións públicas, ou calquera outro certificado ou documento oficial que acredite de maneira fidedigna o tempo traballado, a categoría profesional, e as funcións concretas desempregadas nos postos de traballo.

A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2. Coñecemento do territorio: 15 puntos.

Xustificarase mediante copia do certificado de empadramento no Concello de Viana do Bolo cunha antigüidade mínima de 1 ano.

3. Cursos formativos: 10 puntos.

Deberá tratarse de cursos formativos cunha duración mínima de 40 horas, relacionados coas funcións a desempregar. Outorgarase a seguinte puntuación:

- Curso de 40 horas: 1 punto.
- Curso de 40 a 70 horas: 1,5 puntos.
- Curso de 70 a 100 horas: 2 puntos.
- Curso de máis de 100 horas: 2,5 puntos.

Ademais, no caso de posuír una titulación superior á requirida, na mesma rama de especialidade, outorgaranse 2,5 puntos.

A formación xustificarase mediante a presentación de copia dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas do curso correspondente. De non establecerse o número de horas non se valorará a formación.

Non serán obxecto de valoración as certificacións de academias privadas se non se xustifica a preceptiva homologación.

Non se valoran xornadas, conferencias, seminarios nin similares.

4. Carné de instalador eléctrico: 15 puntos.

Deberá achegarse copia deste.

En ningún caso serán valorados méritos non acreditados documentalmente.

En caso de empate na fase de concurso, ateranse ao disposto no artigo 44 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Oitava. Cualificación.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na baremación de méritos e experiencia.

Novena. Relación de aprobados, acreditación dos requisitos esixidos e nomeamento.

Una vez terminada a baremación, os tribunais farán pública a relación de aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica

deste concello [<https://vianadobolo.sedelectronica.gal/info.0>] e, se é caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión, precisándose que o número de propostos non poderá pasar o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos acreditarán ante a administración, dentro do prazo de 10 días naturais desde a publicación da relación de aprobados na sede electrónica deste Concello [<https://vianadobolo.sedelectronica.gal/info.0>] e, se é o caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión, as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria (Anexo II).

Os aspirantes propostos deberán achegar, no referido prazo, os documentos orixinais da documentación achegada na fase de valoración de méritos para o seu cotexo.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non acreditasen os requisitos esixidos na convocatoria ou da documentación deducísese que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

A Resolución de nomeamento será adoptada pola Alcaldía.

Una vez publicado o nomeamento, deberase proceder á toma de posesión polos nomeados dentro do prazo máximo de 15 días naturais a partir da dita publicación.

Décima. Incidencias.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, os interesados poderán interpor un recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en Galicia, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Diario Oficial de Galicia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

Documento asinado electronicamente.

(Ver anexos páx. 9-11)



Documento asinado electronicamente

Anexo I

Modelo de instancia

Don/Dona _____,

con data de nacemento _____, con DNI n.º _____

e con domicilio en _____

(teléfono _____, correo electrónico _____),

ante o alcalde do Concello de Viana do Bolo, comparece e di:

- a) Que coñece e acepta as bases que van rexer a selección de persoal laboral temporal mediante o sistema de concurso de méritos para o posto de operario electricista.
- b) Que desexa ser admitido á proba selectiva convocada.
- c) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria
- d) Que adxunta á presente:
 - Copia do documento nacional de identidade, ou pasaporte.
 - Copia do título académico
 - Carné de conducir B cando proceda
 - Declaración de incompatibilidades (Anexo II)

- Documentos ós efectos da súa valoración na fase de concurso, segundo o estipulado na base sétima (Anexo III).

Autorizar ao Concello de Viana do Bolo á publicación dos seus datos persoais no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.¹

Por todo o exposto, solicita que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido á selección de operario electricista.

_____, ____ de _____ de 2019

Asdo.: _____

¹ De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informásele o seguinte:

- Os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude, serán incorporados e tratados de maneira confidencial nun ficheiro propiedade deste concello.
- Os datos obtidos desta solicitude poderán ser utilizados, salvagardando a súa identidade, para a realización de estatísticas internas.
- Vostede terá a posibilidade de acceder en calquera intre ós datos facilitados, así como solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación escrita, xunto coa documentación acreditativa da súa identidade, a este Concello.

Anexo II Declaración de incompatibilidades

Don/Dona _____,

con data de nacemento _____, con DNI n.º _____

e con domicilio en _____

(teléfono _____, correo electrónico _____),

ante o alcalde do Concello de Viana do Bolo,

declaro baixo a miña responsabilidade:

Primeiro.- Non estar afectado/a por ningún motivo de incompatibilidade, para os efectos previstos no artigo dez da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Segundo.- Non vir desempeñando ningún posto o actividade no sector público nin realizo actividades privadas incompatibles ou que requiran recoñecemento de compatibilidade, aos efectos do artigo 13.1 do Real decreto 598/85, do 30 de abril.

Terceiro.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Cuarto.- Non padecer enfermidade ou limitación e defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes ó posto de traballo.

E para que conste aos efectos de solicitude do/s posto/s de traballo ofertados, firmo a presente declaración,

en _____, o _____ de _____ de 2019.

Asdo.: _____



Anexo III

Documentos para os efectos da súa valoración na fase de concurso, segundo o estipulado na base sétima

Don/Dona _____,

con data de nacemento _____, con DNI n.º _____

e con domicilio en _____

(teléfono _____, correo electrónico _____),

ante o alcalde do Concello de Viana do Bolo, achego a seguinte documentación:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.
- 10.
- 11.
- 12.
- 13.

_____, _____ de _____ de 2019.

Asdo.: _____